

# TIME TO LOVE

Metin Erksan, 1965

# 1101

ESTREA EN NUMAX: 25.04.2023 | V.O.S.E. | +12 | 85 min

Nas Illas dos Príncipes, ao sur de Estambul, os días son chuviosos e están cheos de nostalxia. O humilde pero orgulloso pintor Halil consegue un traballo nun dos chalets da illa, onde se atopa cunha fotografía dunha fermosa muller e namórase da súa imaxe.

Restauración 4K por Atlas Post Production e supervisada por Ahmet Hizarci.



## Unha rareza de 1965

Por *Áurea Ortiz Villeta*

En 1965, Metin Erksan, despois de ganar o Oso de Ouro do Festival de Berlín con *Verán seco* (1963), o primeiro premio internacional que recibía o cinema turco, embárcase nun filme intimista e de pouco presuposto titulado *Time to love*. O filme nunca se estreou nos cinemas e hoxe volve cunha restauración 4K que desvela unha espléndida fotografía en branco e negro. Halil é un pintor de casas pobre fascinado polo retrato dunha muller rica que atopa nunha luxosa mansión. Cada día acude a miralo durante largos períodos, ata que a moza retratada, Meral, aparece por alí en carne e óso. Aínda que ela queda prendida do home que mira o seu retrato, ou máis ben, da admiración e o desexo que ve nel, Halil manifesta que non está namorado dela, senón da súa imaxe.

Entre a *Nouvelle vague*, Antonioni e algo d' *O ano pasado en Marienbad* (Alain Resnais, 1961), o filme é unha variación sobre a historia, tantas veces contada, dun home que namora dun retrato dunha muller, que non dunha muller a través do seu retrato, porque como di Halil, non é o mesmo: o protagonista non quere a muller real senón o obxecto idealizado que construíu na súa mente. Tras o seu encontro, inician unha relación chea de idas e voltas, contada desde o punto de vista masculino, como é habitual neste tipo de historias sobre retratos de muller que acenden o desexo dun home. A condición de obxecto de Meral faise patente a través de obxectos físicos que a substitúen: o retrato, por suposto, que vai de acá para alá en función do desexo de Hilal e, por se non quedaba claro, un manequín vestido de noiva que parece que saíu dun filme de Buñuel. Tamén a aparición dun pretendente da súa mesma clase social incide nesa condición de obxecto de Meral, posto que ambos homes pelexarán por posuíla. Este terceiro personaxe, por certo, xogará un papel central nun final que conxuga ser moi convencional no narrativo e belo e inesperado no formal.

Toda esta historia desenvólvese mediante escasos diálogos, hieratismo e misterio, largos paseos por bosques e paisaxes invernaís, brumas e choivas. O tratamento da paisaxe reva melancolía e evoca o Romanticismo. A música, porén, exerce un contrapunto moi rechamante, dado o seu estraño uso, persistente, extemporáneo e sen dúbida esgotador. En calquera caso, ten iso tan difícil de definir que chamamos atmosfera e tamén un grao de surrealismo que, en ocasións, dota o relato dunha condición case onírica. Estes elementos converten a *Time to love* nun filme singular e moi rico no plano visual; é de agradecer a recuperación desta rareza de 1965.